

NOTICIA 1:

O concello pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 30/01/2013 aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola instalación e utilización na vía pública de mesas, cadeiras parasois e instalacións complementarias que constitúan actividade de hostalería con finalidade lucrativa cumprindo o establecido no artigo 17.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das facendas locais, o expediente administrativo expone ao público durante “trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da última publicación deste anuncio no Boletín Oficial de Pontevedra”, ou no Diario de maior difusión da provincia. Dentro do prazo citado os interesados e as interesadas debidamente lexitimados, poderán examinar o expediente administrativo e presentar, por escrito, as reclamacións que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións, dentro do prazo establecido, entenderanse definitivamente adoptados os acordos, ata entón provisorios, sen necesidade de acordo plenario.

Redondela, a 4 de febreiro de 2013.—O alcalde, Javier Bas Corugeira.

COMENTARIO:

Agora os responsables desta ordenanza (PP-PSOE) van ter que presentar alegacións, porque NÓS NON IMOS FACELO. E dicimos que terán que modificala, porque despois de comprobar os efectos das súas contas sobre metros cadrados autorizados nos diferentes locais verán como para obter permiso para tres mesas requírese un local no que o produto de superficie por fachada sexa igual ou superior a 459. Tamén poderán comprobar como dous locais de 50 metros cadrados poden ter permiso para unha ou tres mesas segundo a súa fachada. É dicir, beneficiase claramente os locais con fachada e non os de gran superficie, en contradición co principio de que a terraza é un complemento do negocio principal.

Esta normativa promove locais de baixa superficie pero moi ampla fachada. O choio é un local de 50 metros cadrados con 20 de fachada polo que contarás con permiso para 6-7 mesas. O local será estreito, pero as mesas polas fóra.

Deixámosvos coas contas, para que vaiades practicando as matemáticas que falta fai porque iso non é o peor. Poderían resolvelo como casos particulares e irlle dando permisos especiais a cada caso. Pode que esta sexa a intención da normativa; ir facendo amigos en base a favores que se lle concederán aumentándolle o permiso segundo estudo das circunstancias. ¿Sóavos?

Pero o peor é que esta normativa é ilegal, si, ¡ ILEGAL !. Vexan o que di a **“LEI 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.”**

LEI 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

DOG Núm. 166 Venres, 29 de agosto de 1997

http://www.xunta.es/dog/Publicados/1997/19970829/AnuncioA03E_gl.html

Artigo 6.-Itinerarios.

Os itinerarios peonís, así como os mixtos, destinados ó tráfico de peóns e vehículos, deseñaranse e realizaranse de forma que lle resulten accesibles a calquera persoa.

Para estes efectos, regulamentariamente **estableceranse os diferentes parámetros e características que aqueles deben ter para ser considerados adaptados ou practicables**, segundo os casos, que deberán prever, como mínimo, os seguintes aspectos:

- **largura mínima libre de obstáculos,**

ANEXO

Artigo 6.-Itinerarios.

6.a) Itinerarios peonís:

- **Largura mínima libre de obstáculos:** a largura mínima libre de obstáculos en áreas desenvolvidas a través de instrumentos de planeamento integral **será de 1,80 m**, e en situacións **puntuais** poderá ser de **1,50 m**.

QUE DI A NOSA NORMATIVA DE TERRAZAS E CADEIRAS?

ARTIGO 6. FORMA DE EFECTUAR O PAGAMENTO DA TAXA

3. Unicamente nas beirarrúas de largura igual ou superior a 5,50 metros permitirase unha dobre fileira de mesas, **debendo deixar, en todo caso, 1,40 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes**. As persoas interesadas en instalar esta dobre fila, e co fin de realizar o pagamento da taxa, obterán o número de metros cadrados máximos autorizables multiplicando por CATRO os metros lineais de fachada do establecemento de hostalaría.

ARTIGO 12. CONDICIÓN DE SITUACIÓN

2. Características das beirarrúas e ocupación permitida.

2.a. Será requisito indispensable para autorizar a instalación da terraza que a beirarrúa na que se instale teña unha largura mínima de 2,50 metros e **que se deixe, polo menos, un espazo de 1,20 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes**, e que as mesas e cadeiras estean separadas como mínimo 50 cms. do bordo da mesma.

2.b. Unicamente, nas beirarrúas de largura igual ou superior a 5,50 metros, se permitirá unha dobre fileira de mesas debendo **deixar, en todo caso, 1,40 metros libres de obstáculos para o tránsito dos peóns**. Asemade, entre as dúas fileiras de mesas deixarase un paso para servir as mesmas de 0,80 cm.

CONCLUSIÓN: No mes de marzo haberá que traer de novo a Pleno a ordenanza, se cadra podemos contar antes coa versión definitiva e consensuala con tempo e non volven a andar de aquí para alá

sen que nin deus saiba cal é o texto do que se está a falar. Se cadra, desta vez non aparecen cousas que non se falan antes e podemos evitar ridículos coma este.

Queridos colegas do PP-PSOE, vaian estudando o que aprobaron e facendo as alegación para traelo a Pleno, despois levarase outra vez ao BOP alá polo mes de abril e quedará aprobada, se cadra, no mes de maio sempre e cando a metan no pleno de marzo.

Redondela, a 27 de febreiro de 2013.